

## DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Moeche, 8 de Marzo de 2024

### DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O 8 de marzo, Día Internacional da Muller, conmemora a loita das mulleres por alcanzar a igualdade na sociedade e é por tanto unha xornada de reivindicación e loita contra a desigualdade entre homes e mulleres, pero tamén é unha ocasión para o recordo e homenaxe ás mulleres que impulsaron estes cambios. Como cada ano, queremos aproveitar esta data destacada para reflexionar sobre os logros alcanzados ao longo dos anos en materia de igualdade pero tamén para lembrar e reivindicar que a desigualdade de xénero é aínda unha realidade en todo o mundo.

ONU-MULLER decidiu que o lema do Día Internacional da Muller do próximo 8 de marzo de 2024 será *Investir En Mulleres: Investir nas mulleres. Acelerar o progreso para recadar fondos vitais para as mulleres e nenas do mundo.* O empoderamento económico das mulleres é fundamental para un mundo con igualdade de xénero. Cando as mulleres teñen as mesmas oportunidades para aprender, gañar e liderar, comunidades enteiras prosperan.

Por iso desde as Administración Públicas existe o deber de poñer en marcha un financiamento transformador para avanzar cara ao desenvolvemento sostible e igualitario.

Alén do anterior, neste 8 de marzo queremos reiterar un ano máis a importancia dos coidados na sociedade e no desenvolvemento e benestar. O coidado é esencial para soste a vida xa que todas as persoas imos necesitalos en diferentes momentos, en intensidades distintas, pero este traballo segue sendo en moitas ocasións gratuito, invisible, precario e continúa a recaer maioritariamente nas mulleres. Por isto é imprescindible sensibilizar a toda a cidadanía para darlles visibilidade e valor ás tarefas que, remuneradas ou non, resultan indispensables para o noso benestar físico e emocional e sosteñen a vida, tanto a nivel físico, como emocional e mental.

Ata o de agora, a abordaxe dos coidados e das desigualdades que persisten neste ámbito realizouse, maioritariamente, por medio das políticas de conciliación a través de medidas de apoio no ámbito do emprego, pero sen cuestionar a desigual repartición dos coidados. A realidade é que estas políticas aliviaron a situación de moitas mulleres e familias, pero non deron unha resposta integral e unha solución real á problemática que enfrentamos: os roles e estereotipos de xénero que perpetúan

a división sexual do traballo, as brechas no acceso e condicións de empregabilidade do mercado laboral para mulleres e homes, a carga mental das tarefas de coidados e a súa organización.

É indispensable desenvolver sociedades que entendan o coidado doutra forma e realizar unha análise de xénero e feminista para colocar o coidado no centro, no público, no visible, no importante e no valorado. Este é un problema estrutural que esixe unha resposta social forte. Por iso, é necesario neste 8 de marzo recoñecer os dereitos acadados, recoñecer o traballo do feminismo galego e apoiar as súas mobilizacións publicamente.

Por todo o anterior o Concello de Moeche reafirma o compromiso na loita por unha sociedade igualitaria e no desenvolvemento no ámbito da súa competencia de medidas en prol da igualdade e da garantía dos dereitos das mulleres e dos menores, para conseguirmos unha sociedade xusta e con ese obxectivo acorda:

- Convidar a toda a veciñanza e ás entidades asociativas municipais a que se adhiran a esta Declaración.
- Reiterar a reivindicación da necesidade de dotar ás entidades locais de medios e recursos suficientes para a axeitada atención nos Servizos de Axuda no Fogar.
- Instar ás administracións competentes a traballar en leis e políticas públicas de emprego, adaptadas á realidade actual, así como asegurar o seu cumprimento.
- Comprometer a implicación da Corporación na sensibilización da veciñanza, promovendo campañas e programas de concienciación social.
- Continuar no traballo que se vén facendo no eido dixital desde a Aula Tic e coa rapazada do CEIP San Ramón cos obradoiros de prevención das violencias, igualdade e bo trato na rede.
- Ofrecer o apoio da Corporación ás reivindicacións dos movementos das feministas galegas que traballan pola igualdade real e sen exclusión.

A Corporación do Concello de Moeche manifesta o seu firme compromiso no traballo pola igualdade real, e na loita contra a invisibilización e calquera forma de machismo.

Corporación municipal

Marzo, 2024

*Azucra*  


Representante BNG

*GF*

*POR PAZ E  
PARADO POPULAR*  
*Alto*